
Propostas plan de choque contra pobreza en FAMILIAS MONOPARENTAIS 2019



EAPN-GALICIA. Rede Europea contra a
Pobreza e a Exclusión Social

Propostas Plan de choque contra pobreza en familias monoparentais

As familias monoparentais teñen que enfrontarse a dificultades que se poden resumir nunha falta de recoñecemento e desigualdade de dereitos entre comunidades autónomas, dificultades de empregabilidade e de conciliación e confluencia de feminización e pobreza. Estas dificultades recaen directamente na vulnerabilidade da infancia, no seu risco de pobreza e de herdanza desta. O benestar da infancia depende do benestar das familias.

O obxectivo prioritario deste plan é establecer medidas concretas, especialmente de implantación a curto prazo, para loitar contra a pobreza en aquelas familias con nenas e nenos pero sobre todo naquelas monoparentais dada a especial gravidade da súa situación actual en Galicia e a nivel Estatal.

Para iso inclúense a continuación unha serie de propostas dirixidas á monoparentalidade que, da súa inmediata implantación en Galicia, o resultado sería un avance na protección a todas estas familias que son máis vulnerables a estar en situación de pobreza e exclusión social que outras.

As propostas organízanse en catro esferas establecidas en relación ás principais dificultades detectadas nas entrevistas realizadas ás familias monoparentais e a técnicos e técnicas de entidades que traballan por asegurar os dereitos destas familias e da infancia no seu conxunto.

A primeira esfera abarca medidas orientadas ó recoñecemento institucional e inclusión social das familias monoparentais para facer fronte á vulnerabilidade destas familias en Galicia e chegar a súa inclusión social. No plano institucional pódese dicir que existe unha ausencia da 'visión monoparental'. As medidas a nivel político vense dispersas entre comunidades autónomas dando lugar á consecución de dereitos moi dispares dependendo da residencia da familia. Ademais, a esta situación de desprotección do modelo familiar engadir que no día a día o 36% das nais monoparentais afirma que non pode contar con ninguén cando xorde un problema, isto fai que na actualidade unha boa rede asociativa sexa o único recurso que asegura de forma global unha mellora na calidade de vida destas familias.

A segunda esfera refírese a medidas relacionadas coa vivenda accesible. As familias con nais soas a cargo presentan maior dificultade para facer fronte a tódolos gastos de vivenda, este motivo fai que a non habitabilidade de condicións dos fogares sexa tamén alarmante.

A terceira esfera orienta as medidas referidas ó emprego e a conciliación. Existe unha contrastada discriminación de xénero no ámbito laboral o que determina as condicións do mercado de traballo da metade das nais soas ó fronte de familias

monoparentais. A metade das nais soas con fillos/as non traballa ou faino na economía mergullada e a media do salario é inferior ó salario dos homes que sustentan a este tipo de familia. Tamén é necesario ter en conta os prexuízos que existen en torno á muller traballadora que fai que teña menores oportunidades de acceso a un emprego. Esta desvantaxe laboral relaciónase directamente coas dificultades para a conciliación: dificultade de atopar traballos que poidan compatibilizar cos horarios dos fillos/as, só acceso a medias xornadas ou traballos por horas, rexeitamento de empregos ou imposibilidade de acceso a entrevistas de traballo.

A cuarta esfera céntrase en medidas relacionadas coa mellora no acceso á educación en igualdade de condicións para tódolos nenos e nenas e **medidas relacionadas coa saúde**. A mellora na esfera da educación céntrase na atención especial ás familias máis vulnerables para asegurar un acceso á educación que se constitúe como un factor clave para amortecer o impacto de nacer nunha familia con dificultades no acceso a recursos, ademais de mellorar os resultados académicos e o benestar da infancia. Por outra banda atender á situación de saúde. A vivenda con baixa habitabilidade e a menor estabilidade no réxime de vivenda son factores que repercuten directamente en temas de saúde, xa que o 68% das familias monoparentais afirman reducir por este e outros motivos gastos relacionados coa alimentación ou co seguimento de tratamentos especializados ou compra de medicamentos.

Esfera 1. Recoñecemento institucional e Inclusión Social.

Recoñecemento das Familias Monoparentais como acreedoras dun apoio específico por parte da Administración

- | | |
|-----|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.1 | ➤ Medida: Elaborar un Rexistro Autonómico de Familias Monoparentais (Anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico e en Plan Galego de Política Familiar (2015-2018) e Lei Foral 5/2019 para a acreditación de familias monoparentais) |
| 1.2 | ➤ Medida: Asegurar que, aínda que en Galicia non se teña recoñecida a distinción entre familia monoparental e en situación de monoparentalidade, se teñan en conta as situacións que se contemplan nesta última como: situación de violencia de xénero, de ingreso en prisión do outro proxenitor, situación de dependencia, incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez, dunha das persoas proxenitoras conviventes) |

Redución de Burocracia

- | | |
|-----|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.3 | ➤ Medida: Elaboración dunha guía de recopilación de prestacións ás que poden acceder as familias monoparentais |
| 1.4 | ➤ Medida: Establecer unha persona responsable de apoio e coordinación entre os distintos departamentos que conflúen na valoración e a lexislación relativa aos distintos tipos de familia |
| 1.5 | ➤ Medida: Garantir un servizo de acompañamento para familias, en especial para mulleres con menores a cargo que estean soas para servir de apoio no proceso de realización de trámites. Introducir como servizo gratuíto para estas mulleres a figura da mediadora social |
| 1.6 | ➤ Medida: Aumentar o número de prazas das traballadoras sociais dos servizos sociais especializadas en familia co fin de axilizar a xestión e que esta sexa de calidade |
| 1.7 | ➤ Medida: Creación dun servizo de acompañamento para a solicitude de becas nos propios centros escolares |

Inclusión social e RISGA

- | | |
|------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.8 | ➤ Medida: Para as familias con renda igual ou inferior a 22.000 euros e considerando con carácter especial ás familias monoparentais ampliar a Tarxeta Benvida ¹ dende o segundo ano de vida ata os 18 anos |
| 1.9 | ➤ Medida: Aumento da cobertura de gastos que abarca a Tarxeta Benvida incluíndo por exemplo gastos para actividades extraescolares ou material escolar, é dicir que se adapten os comercios e servizos onde se poida canxear a tarxeta a idades maiores de 3 anos |
| 1.10 | ➤ Medida: Aumentar a contía da prestación por fillo/a a cargo menor de tres anos e que esta sexa compatible con presentar a declaración da Renda |
| 1.11 | ➤ Medida: Favorecer en importes na RISGA (coma o complemento de vivenda) e priorizar |

¹ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181231/AnuncioG0425-261218-0002_es.html

	(con tramitación abreviada) a aqueles fogares con nenos ou nenas a cargo (ou con persoas en situación de dependencia), con nais solas a cargo
1.12	➤ Medida: Que nos proxectos de inserción de RISGA se contemplen as especiais dificultades para a conciliación das familias monoparentais, asegurando que a condición de separación/divorcio no implique una situación de empobrecemento ante a falta de pagamentos de pensión de alimentos
1.13	➤ Medida: Que nos proxectos de inserción de RISGA se contemplen as especiais dificultades para a conciliación das familias monoparentais, asegurando que ningunha familia se quede sen ingresos por un informe negativo dos Servizos Sociais, por supostos incumprimentos do proxecto
1.14	➤ Medida: Que nos proxectos de inserción de RISGA se contemplen as especiais dificultades para a conciliación das familias monoparentais, se se inclúen obxectivos formativos ou laborais terán que ir acompañados de medidas conciliadoras como: servizo de canguraxe, madrugadores, comedor, extraescolares, flexibilidade en horarios de entrada e saída das actividades formativo-laborais. Valorar como non idóneas as formacións que non se poidan asumir (horarios, distancia, dificultade en transporte, custo económico do transporte)
1.15	➤ Medida: Contemplar no Decreto RISGA o enfoque de xénero , obrigando a establecer unha protección específica ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade en especial ás familias monoparentais
1.16	➤ Medida: Asegurar transporte público ós nenos e nenas membros de familias monoparentais que viven no ámbito rural
1.17	➤ Medida: concesión de axudas económicas ás familias monoparentais da mesma forma que se fai para as numerosas para estadias de fin de semana nas estacións de montaña situadas no territorio da Comunidade Autónoma ²
1.18	➤ Medida: Establecer o acceso ó 'Tícket eléctrico' para as familias monoparentais (axuda de 300 €/familia/ano para o pago dos gastos da factura eléctrica. Familias con menores ou persoas con discapacidade a cargo con ingresos inferiores ó 1,5 IPREM

² https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191031/AnuncioG0425-231019-0001_gl.pdf

Esfera 2. Vivenda accesible	
2.1	➤ Medida: Nas adxudicacións de vivendas de protección oficial se dará prioridade a este tipo de familias (Lei Foral 5/02019 para a acreditación das familias monoparentais)
2.2	➤ Medida: Realizar un análise da situación da vivenda en Galicia que facilite a regulación dos alugeres e establecer un mínimo de 4.000 vivendas para aluguer social
2.3	➤ Medida: Establecer axudas directas, de pago único, para facilitar o aluguer de vivendas a familias monoparentais con ingresos insuficientes. A contía establecida será de como máximo ata o 80% do prezo do aluguer, sendo concedida por un tempo máximo dun ano prorrogable ata os 3 anos
2.4	➤ Medida: Prioridade de acceso ó programa Aluga ³ ás familias con nenos que estean vivindo en vivendas non seguras ou en mal estado
2.5	➤ Medida: Replicar modelos como o 'Empty Homes Agency' de detección de vivendas baleiras nos concellos e xerar propostas de reforma ós e ás propietarias para convertelas en vivendas sociais ⁴
2.6	➤ Medida: Creación dun parque municipal básico de vivenda para situacións de emerxencia así como de recursos de transición que garantan a intimidade (familias monoparentais en pobreza, persoas sen fogar, vítimas de desafiuzamento ou de violencia machista, refuxiadas, etc.)
2.7	➤ Medida: Crear unha figura de avalista dependente da Xunta que cubra ás familias con nenos/as a cargo á hora de acceder a una vivenda
2.8	➤ Medida: Crear unha liña de presuposto e procedemento de prevención de desafiuzamento que asegure o mantemento da vivenda ante a posibilidade de perda da mesma e sen esperar a que se produzan falta de pagamentos ou mesmo a execución
2.9	➤ Medida: Establecer recursos habitacionais que fomenten a autonomía de mulleres sen fogar con fillos/as a cargo, en infravivienda ou en exclusión severa

³ <http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/133>

⁴ <https://www.actiononemptyhomes.org/the-solutions>

Esfera 3. Emprego e Conciliación	
3.1	➤ Medida: Ampliar horario e prazas en Garderías de titularidade autonómica (Lei foral 5/2019 para a acreditación das familias monoparentais e Decreto polo que se regula o recoñecemento da condición de familia monoparental na Comunitat Valenciana)
3.2	➤ Medida: aumentar e mellorar a xestión de coidadores/as nos municipios para suplir situacións puntuais de enfermidade dos nenos/as que non poidan asistir ó colexio/gardería (Lei foral 5/2019 para a acreditación das familias monoparentais e Decreto polo que se regula o recoñecemento da condición de familia monoparental na Comunidade Valenciana)
3.3	➤ Medida: Posibilitar o acceso a cursos formativos máis prácticos que lles posibiliten un acceso máis áxil ó emprego
3.4	➤ Medida: Posibilitar a posta en marcha de programas específicos con familias monoparentais e reforzar os que xa se leven a cabo, achegándoos ás sete cidades principais ou a poboacións maiores de 50.000 habitantes ou mancomunadas
3.5	➤ Medida: Implantar ó modelo ' Madres de día ' en contornas urbanas ⁵
3.6	➤ Medida: Reforzar medidas de conciliación como a axuda a domicilio e o acompañamento
3.7	➤ Medida: Reforzar os programas de apoio escolar e acompañamento durante o período de vacacións para nenos/as e adolescentes que están en período escolar obrigatorio
3.8	➤ Medida: Reforzar o servizo de transporte escolar no entorno rural
3.9	➤ Medida: Aumento do número de ludotecas e bebetecas e que o tempo de estancia nelas sexa superior ás 3 horas regulamentarias en caso de ser necesarias para familias monoparentais ⁶
3.10	➤ Medida: Bono concilia ⁷ : establecer a opción de que no caso de que a nai de familia monoparental estea empregada poida ser abonado o bono á empresa e encargarse ela do coidado do fillo/a

⁵ <http://www.madresdedia.org/regulacion/> <https://www.redmadresdedia.com/>

⁶ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2003/20030926/Anuncio19C3E_es.html

⁷ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190612/AnuncioG0425-290519-0001_es.html

Esfera 4. Educación e saúde	
4.1	➤ Medida: O alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 Euros que forme parte dunha unidade familiar monoparental terá preferencia para a adxudicación de libros de texto e material escolar do Fondo Solidario de libros de texto e axudas para a adquisición da Xunta de Galicia ⁸ (Lei Foral 5/2019 para a acreditación das familias monoparentais)
4.2	➤ Medida: Educación Infantil gratuíta de 0 a 3 anos
4.3	➤ Medida: Aumentar o número de prazas de emerxencia social (en 2019 había 497) nas escolas infantís podendo reservar un número concreto destas prazas para nenos/as pertencentes a familias monoparentais
4.4	➤ Medida: Esixencia no cumprimento dos prazos respecto á concesión das becas de comedor e material escolar
4.5	➤ Medida: Asegurar o cobro inmediato por parte dos e das beneficiarias
4.6	➤ Medida: Establecer bolsas específicas para educación infantil
4.7	➤ Medida: Programa de bolsas específico para as nais á hora de abrírlles maiores oportunidades laborais a estas
4.8	➤ Medida: Poñer en marcha un programa de formación específico ó longo da vida con enfoque de xénero (Estudio sobre Rendas Mínimas y Familias Monoparentales de EAPN España)
4.9	➤ Medida: descontos en espazos culturais equiparándoos ós que teñen as familias numerosas (Decreto polo que se regula o recoñecemento da condición de familia monoparental na Comunitat Valenciana)
4.10	➤ Medida: Programa de becas específico para o apoio no ámbito da ensinanza non universitaria e universitaria . As familias formadas por un ou máis fillos (menores de 21 anos, ou de 26 se están estudiando) que convivan cunha soa persoa proxenitora e dependan economicamente dela poderán pedir unha dedución de 500e por cada irmán/á para a diminución do prezo dos créditos dos estudos universitarios. (Lei Foral 5/2019 para a acreditación das familias monoparentais)
4.11	➤ Medida: Asegurar que tódolos centros educativos teñan e poidan acollerse ós 'Contratos Programa' da Xunta co fin de posibilitar que todo o alumnado teña acceso a un apoio educativo extra en caso de ser necesario ⁹
4.12	➤ Medida: Igualdade na xestión e oferta do servizo de comedor escolar e do servizo de madrugadores en tódolos municipios

⁸ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190520/AnuncioG0534-060519-0006_es.html

⁹ <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/contratos-programa>

Acción protectora en materia de saúde	
4.13	➤ Medida: Homoxeneizar que en tódolos concellos se as condición de acceso a cuestión básicos como a auga, o servizo de recollida de lixo ect.
4.14	➤ Medida: Acceso prioritario e directo a axudas para cubrir gastos sociosanitarios de carácter bucodental . (Lei Foral 5/02019 para a acreditación das familias monoparentais)
4.15	➤ Medida: Concesión de subvencións destinadas a facilitar a adherencia ós tratamentos médicos prescritos e compra de medicamentos (DECRETO de aprobación das bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvenciones directas a familias monoparentais para compensar gastos de protección da saúde en 2019)
4.16	➤ Medida: Promover e financiar espazos de autocoidado/apoio persoal e acompañamento á crianza en tódolos servizos de proximidade
4.17	➤ Medida: Asegurar a posibilidade de acceso ás vacinas que son voluntarias ás familias en situación de vulnerabilidade
4.18	➤ Medida: Creación dunha tarxeta expedida polo servizo galego de saúde para a adquisición de alimentos para dietas especiais